# UNHA OPINIÓN SOBRE FÚTBOL

Na presente liga de Fútbol Profesional, podemos observar a destacada importancia que están a ter equipos como o Barcelona, o Real Madrid ou mesmamente o Espanyol de Lotina ó que lle está a funcionar perfectamente o sistema de xogo.

O caso é que polo que a min respecta, sinto especial interés polos equipos galegos.

É certo que o Deportivo non está a pasar por un dos seus mellores momentos de forma e xogo na súa longa historia (noventa e nove anos aproximadamente) pero todo ten remedio cunhos poucos fichaxes e poñéndolle gañas (principal problema que lle vexo a este equipo...e á xente que se adica ó estudio)

Xustamente esa característica que lle falta á maioría dos equipos de primeira división e a que ten en abundancia a U.D.Santiso, está a pasar por un maravilloso momento e os resultados falan por si solos; primeiros na liga case en solitario e cunhas estadísticas brilantes.

Dende que comezou a temporada na categoría xuvenil, o Santiso non deixou de gañar partidos e obter beneficiosos resultados (olvidando pequenos erros como cando xogamos en Lamela porque os incidentes acontecidos desmotivaron o xogo do equipo)

Tamén me gustaría destacar a grande representación que ten o fútbol galego na división de prata con equipos da talla do Racing de Ferrol, Pontevedra e Celta de Vigo. A pesar de que estén a pasar pola segunda división e bon ser optimistas e esperar velos os tres para o ano que ven na mellor liga do mundo; a liga das estrelas.

RAFA A.P BAC-C.

## OS FUTBOLISTAS MÁIS GUAPOS E QUE ESTÁN MÁIS BOS

Segundo a miña opinión, os futbolistas máis guapos son:

-Fernando Torres, dianteiro do Atlético de Madrid.

-Iker Casillas, porteiro do Rela Madrid.

-Beckam, centro campista do Real Madrid.

-Tristán, dianteiro do Deportivo

-Morientes, dianteiro do Real Madrid

-Guti, centrocampista do Real Madrid

-Iván Helguera, defensa do Real Madrid

-Fran, centro campista do deportivo

-Albert Luque, dianteiro do deportivo

-Raúl, dianteiro do Real Madrid.

María Mosquera Mosteiro. S3C




## Sopa de letras deportiva

1-Futbolista canario co alucume de "o mago".
2-Xogador do Deportivo co dorsal nove.
3-Equipo de fútbol de Melide.
4-Xogador de fútbol galego que xoga no Deportivo.
5-Deportista galego que conseguiu dúas medallas en Atenas 2004.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| V | B | A | D | A | V | I | D | P | R |
| A | D | C | T | V | E | J | V | U | Z |
| L | J | M | R | X | O | C | R | X | V |
| E | N | Ñ | I | B | A | F | I | D | C |
| R | K | K | S | X | H | G | N | R | E |
| O | O | O | T | J | M | Ñ | B | R | E |
| N | N | I | A | A | Q | P | O | S | T |
| K | O | L | N | E | W | I | J | K | V |
| O | O | Q | I | U | F | R | A | N | S |